

San Cristovo de Mouricios, 2. Chantada 27510 Lugo

ENTRE- LAZAR

XORNADAS

27-28 de setembro de 2025

ENTRE- LAZAR

As xornadas ENTRELAZAR foron concibidas dende unha visión transversal da cestería. A través dun enfoque interxeracional, o programa propón un espazo de diálogo entre disciplinas, coñecementos e formas de facer, convidando a profesionais vinculados de distintos xeitos a esta práctica. O seu obxectivo é xustapor perspectivas para crear un marco común dende o que reflexionar sobre o pasado, o presente e o futuro deste oficio. Probablemente unha das primeiras técnicas de construción téxtil desenvolvidas polo ser humano, este saber ancestral segue hoxe presente en múltiples formas e contextos. A cestería permite abordar cuestións vinculadas á transformación da materia, á relación entre corpo e ferramenta, e ao equilibrio entre tradición, innovación e industria. O seu carácter material e territorial abre preguntas clave sobre o papel dos oficios en contextos contemporáneos, así como sobre como se aprenden, transmiten e investigan estes saberes, e como inflúen no noso xeito de habitar e de transformar a contorna. O programa reúne distintos enfoques - históricos, técnicos, teóricos e experimentais - cos que habemos explorar temas como a materia prima, os cultivos, a paisaxe e o territorio, así coma os modos nos que os saberes ligados ao xesto e á contorna se comparten e se transforman ao longo do tempo para chegar a existir no contexto actual de transformación ecolóxica, social e produtiva.

PROGRAMA

Inés Sistiaga

SÁBADO 27 DE SETEMBRO

10:00-10:30 h. Recepción e acreditación das persoas participantes

10:45 h. Inauguración

11:00 h. Presentación das xornadas e dos seus obxectivos.
Inés Sistiaga (Barcelona). Comisaria das xornadas

11:30-12:00 h. Presentación a cargo de Rosana Escobar (Bogotá, Colombia)

12:00-12:30 h. Descanso café

12:30-14:00 h. MESA MATERIAL. Contexto e territorio
Belén Martínez (Redondela)
Idoia Cuesta (Outeiro de Rei)
Jorge Filipe de Sá Pinheiro (Viana do Castelo / O Carballiño)
Modera: Carlos Jiménez (Murcia). Arquitecto e ceramista

14:30-16:00h. Comida

16:30-18:00 h. MESA OFICIO. Artesanía e Industria
Aldanondoyfdez. Catuxa Fernández (Barcelona)
Álvaro M. Leiro (Pazos de Borbén)
Enrique de Santiago (Madrid)
Modera: Francesca Tur (Ibiza). Analista de tendencias, creatividade e futuro

DOMINGO 28 DE SETEMBRO

10:30-12:00h. MESA TEMPO. Usos históricos
Alejandro García Hermida (Madrid)
María Martín Seijo (Santiago de Compostela)
Paisanaje. Amelie Aranguren (Madrid)
Modera: Lala de Dios (Madrid). Tecedeira, historiadora e comisaria de exposicións

12:00-12:30 h. Descanso café

12:30-14:00h. MESA EXPERIMENTO. Busca material
Fondo Supper Club. Belén Cabello / Marta Moya (Madrid)
Invisible Lab. Stef Silva Rodríguez / Paula Martín Villarejo (Madrid)
Modera: Raquel Buj (Madrid). Arquitecta e investigadora de materiais

14:30-16:00h. Comida e final das xornadas

PARTICIPANTES

ALDANONDOYFDEZ

(Lugo) @aldanondoyfdez

Catuxa Fernández e Ignacio Aldanondo forman a empresa de calzado artesán Aldanondoyfdez. Ambos os dous licenciados en Arquitectura pola Universidade de Navarra, exerceron esta profesión durante doce anos rexentando un despacho propio. Formáronse en zapatería artesanal durante cinco anos como aprendices dos mestres artesáns Pitu Cunillera e Carlos Piñol. Colaboraron con deseñadores de moda como Juanjo Oliva, Vejas, Carlota Barrera e Tíscar Espadas e con outros deseñadores como Jorge Penadés e Cristian Herrera. Dende 2018 compaxinan o traballo do taller co labor docente en escolas como LCI (Barcelona), IDEP (Barcelona) e Barreira Arte y Diseño (Valencia). Recibiron o Premio Emprendemento e o Premio Produto nos Premios Nacionais de Artesanía de 2019 e 2022 respectivamente.

ALEJANDRO GARCÍA HERMIDA

(Madrid) @almenara.arch

Alejandro García Hermida é doutor arquitecto, Máster en Conservación do Patrimonio Arquitectónico e profesor asociado na Escola Técnica Superior de Arquitectura da Universidad Politécnica de Madrid. É fundador e director executivo da Fundación Culturas Constructivas Tradicionales, dende a que implementou e xestiona iniciativas coma o Premio Rafael Manzano de Nova Arquitectura Tradicional, os Premios das Artes da Construción, a Rede Española de Mestres da Construción Tradicional ou o Journal of Traditional Building, Architecture and Urbanism. Ten impartido clases en diversas escolas de Arquitectura (Yale, Miami, Notre Dame, Colorado, Kansas State, Liverpool, Politécnica de Valencia, Alfonso X el Sabio, Politécnico de Milán, entre outras). A súa práctica profesional centrouse na arquitectura e na construción tradicionais, así coma na restauración e no estudo de edificios históricos, principalmente en España e Marrocos. É membro do consello da ONG Terrachidia e vicepresidente de INTBAU España.

ÁLVARO M. LEIRO

(Pazos de Borbén) @alvaromleiro

Artesán especializado en cestería tradicional e na adaptación destas técnicas ao deseño contemporáneo. Vive e traballa en Moscoso (Pazos de Borbén, Pontevedra), onde dende 2012 recupera e pon en práctica técnicas tradicionais da cultura galega. A súa formación é autodidacta e comezou a partir dun proxecto fotográfico sobre oficios rurais que espertou o seu interese pola cestería. O seu traballo inclúe a documentación e a reprodución de pezas como as corozas - antigos impermeables feitos con fibras vexetais - e outros obxectos elaborados con palla, silva ou xunco. Dende 2018 colabora coa firma Loewe desenvolvendo pezas para as súas coleccións. En 2023 foi recoñecido co Premio Nacional de Artesanía e co Premio Artesán de Vanguarda, outorgado polo círculo Fortuny. Actualmente continúa explorando novas formas de traballo dende o seu obradoiro no rural galego.





FONDO SUPPER CLUB

(Madrid) @fondosupperclub

Estudio de diseño gastronómico que traduce conceptos a situaciones comestibles. Investiga teoría contemporánea e prácticas artísticas, desenvolvendo a súa investigación a través da comida. O seu obxectivo é comunicar información xerando situacións comestibles como formato expositivo lexítimo. Consideran a cociña como unha disciplina creativa totalmente válida na construción de significado. O equipo está formado por catro mulleres que queren impulsar o feminino na industria gastronómica, un sector no que hai moi baixa representación. Fondo é un proxecto vexetariano, asumindo así parte da responsabilidade climática dentro da industria.

Belén Cabello. Dirixe a comunicación e o deseño en Fondo Supper Club, onde xunta a súa paixón pola comida coa súa carreira profesional como deseñadora multidisciplinar e investigadora de tendencias. Especializada en estratexia de marca e dirección creativa, usa a linguaxe do deseño para traducir ideas a novas linguaxes, pensando en palabras e visualmente para crear significado en cada proxecto. Traballou en axencias de deseño e de comunicación, en galerías de arte contemporánea e como consultora de marca e gastronómica freelance ata a creación de Fondo Supper Club.

Marta Moya. Deseñadora gráfica de profesión, agora convertida na chef de Fondo. Marta medrou nas cociñas, xa que seu pai é chef, e no 2018 decidiu dedicarse totalmente á gastronomía. Tendo traballado tanto en cantinas coma en restaurantes contemporáneos como Gota, agora a súa cociña é natural, espontánea, creativa e moi respectuosa co produto e cos límites naturais da terra.

BELÉN MARTÍNEZ

(Redondela) @casaatlantica

Deseñadora e artesá. Aínda que se formou en Deseño de Moda en Barcelona - cidade na que viviu 15 anos - a maior parte do seu percorrido profesional estivo vinculado á decoración e ao interiorismo. No 2013 fundou a marca Casa Atlántica co obxectivo de ofrecer propostas de decoración contemporánea que fomentasen a artesanía local. Dende 2015 foise achegando á cestería, combinando técnicas tradicionais cunha estética actual para crear pezas de liñas sinxelas e coidadas. Tamén imparte obradoiros que conectan a artesanía co deseño contemporáneo. O seu traballo dálle prioridade á produción en contornas rurais e as súas pezas chegaron a tendas de deseño como a MoMA Design Store de Nova York. Colaborou con firmas e institucións coma Loewe, Puig, Zara Home, o Museo Thyssen e o Museo Reina Sofía. Dende 2023 vive e traballa en Galicia, onde aposta por un xeito de vida máis conectado ao territorio. Aquí continúa explorando o potencial creativo do medio rural, que inspira gran parte do seu traballo.

CARLOS JIMÉNEZ CENAMOR

(Murcia) @DelAmorYlaBelleza

Arquitecto pola Universidade Politécnica de Madrid, fundou o taller DelAmorYlaBelleza na primavera de 2011, realizando proxectos multidisciplinares nos que a felicidade e o optimismo son variables de deseño fundamentais. O seu traballo foi exposto no Festival de Venecia, LOVISUAL, HAY FESTIVAL do Reino Unido, o Museo ICO, Matadero de Madrid, London Roca Gallery, Galería space2B, no University College London, a ETSAM de Madrid e impartiu workshops en América Latina, Europa e Asia. Dende 2018 reside e traballa en Murcia, desenvolvendo un estudo pormenorizado do medio ambiente que o rodea mediante a súa produción cerámica e gráfica, sendo galardoado co Premio Produto Artesán 2023 nos Premios de Artesanía da Rexión de Murcia. Comisario, xunto con Raquel Buj, das xornadas Novas artesanías para novas ecoloxías (Mouricios, Chantada), 2024.

ENRIQUE DE SANTIAGO

(Madrid) @loewe

Senior Project Manager en Loewe, onde dirixe e coordina os equipos de desenvolvemento de produto para Home, Accesorios e Proxectos Especiais, e lidera a xestión das coleccións presentadas no Salone del Mobile Milano, unha plataforma internacional de referencia na exhibición de mobiliario e iluminación, con especial énfase na promoción da artesanía española e internacional. O seu labor comprende a identificación e o descubrimento de artesáns e de técnicas artesanais en España e noutros países como China, Corea, Colombia, México, Reino Unido e Italia, co obxectivo de crear producións exclusivas e de edición limitada para Loewe. Formado nos Estados Unidos, conta cunha distinguida traxectoria no ámbito da artesanía, da moda, do interiorismo e da arquitectura, tanto a nivel nacional como internacional. O seu percorrido profesional inclúe roles de gran responsabilidade en destacadas empresas do sector como Saks Fifth Avenue en Nova York e Carolina Herrera, Pedro del Hierro e Inditex en España, onde consolidou un profundo coñecemento do mercado e das tendencias da moda.

FRANCESCA TUR

(Ibiza) @francescatur Serra / @tendenciastv

Nomeada por Forbes como unha das 40 mellores futuristas de España en 2021, Francesca Tur Serra analiza o contexto e os tempos dende diferentes ópticas: o medio, a investigación creativa e a docencia. Dende a comunicación, radiografía a contemporaneidade en Tendencias.tv www.tendencias.tv, medio que empezou xunto con amigos en 2006 e que agora funciona como espazo online que amplifica voces, proxectos e propostas emerxentes. Dende a investigación creativa colabora con proxectos, empresas e iniciativas no asesoramento estratéxico creativo de futuros. O seu espazo de exploración é Hacking the World dende onde se cuestiona o momento presente. Publicou o libro "Resilient Retail: Novas olladas, novas perspectivas" xunto con Berta Segura para Comertia. Dende a docencia, co-dirixe o Máster de Creación de marcas de Moda en EsDesign e é profesora convidada en diferentes escolas. Publica en diferentes medios e foi a especialista de tendencias no programa TIPS de RTVE.



IDOIA CUESTA

(Outeiro de Rei) @idoia_cuesta

Artista, creadora téxtil e deseñadora contemporánea profundamente inspirada polos oficios tradicionais e pola súa conexión inquebrantable coa natureza. Aprende as técnicas tradicionais de cestería, tecido e outros oficios adaptando despois estas prácticas a unha linguaxe artística contemporánea, creando pezas únicas que oscilan entre o deseño funcional e a expresión artística. A súa nova visión da cestería tradicional a través do deseño contemporáneo veuse recoñecida a través de diferentes premios. Desenvolveu proxectos vinculados ao deseño de interiores, á arquitectura, á moda e ao paisaxismo, entre outros. Son numerosas as súas colaboracións con marcas como Loewe e con deseñadores de diferentes ámbitos. O seu traballo demostra como os oficios poden ser reimaxinados en contextos actuais e como a creación téxtil pode transcender a súa función utilitaria para se converter nunha expresión artística. É coordinadora da formación Fibranzas. Laboratorio de fibras vexetais, organizado por Artesanía de Galicia en San Cristovo de Mouricios. Gañadora, xunto con Inés Sistiaga, dos Premios Room 2025, na categoría Artesanía / Art Design, polo seu proxecto "Rastros de transformación".

INÉS SISTIAGA

(Barcelona) @ines.sistiaga

Deseñadora e investigadora téxtil. Formada inicialmente como xoieira na Escola Massana de Barcelona, a súa paixón polo tecido xorde cando se traslada a estudar Deseño aos Países Baixos e descobre a máquina tricotosa. Cal frechazo, a súa traxectoria desenvólvese a través dun interese xenuino pola técnica, pola fibra e pola construción, ampliando o seu vocabulario material a medida que descobre diversas técnicas e formacións estruturais do tecido, tanto artesanais como dixitais. Este percorrido permítelle explorar dende o traballo manual con teares tradicionais ata procesos computacionais de deseño e de fabricación, sempre cunha ollada curiosa cara a como se constrúe a materia. Co seu traballo desenvolve estudos que van do funcional ao estético e do técnico ao decorativo, colaborando a nivel internacional con outros creadores, institucións e tamén en solitario. A través de procesos de proba e erro, Inés explora linguaxes visuais e construcións materiais mediando entre a tecnoloxía artesanal e a dixital. Para ela, o tecido non é só unha técnica senón unha manifestación profundamente humana, unha historia que se constrúe arredor da nosa. Gañadora, xunto con Idoia Cuesta, dos Premios Room 2025, na categoría Artesanía / Art Design, polo seu proxecto "Rastros de transformación".



INVISIBLE

(Madrid) @i_n_v_i_s_i_b_l_e_____

Laboratorio de investigación, prospectiva e deseño que, en tempos de incerteza, prové intelixencia estratéxica para os mundos que están por vir. Dado que a realidade é cada vez máis complexa e polo tanto cambiante, cómpre abrir os ollos e mirar con atención para comprender con maior profundidade os cambios do presente e contemplar as múltiples direccións do futuro, para mitigar as consecuencias das nosas accións ou innovar dende un novo sistema de valores orientados a coidar e a rexenerar o que nos rodea. Axúdalles a persoas e a organizacións a imaxinar novas posibilidades; especialízase en descubrir o que outros non ven e en trazar camiños cara a futuros máis prósperos.

Stef Silva Rodríguez. Fundadora e creativa de Invisible. Leva a cabo o seu traballo baixo unha ollada crítica e unha reflexión sobre as consecuencias que o deseño e o mundo corporativo teñen en nós, como sociedade e natureza. Traballa con organizacións axudándoas a xestionar a complexidade propoñendo narrativas, modelos e estratexias que parten da sensibilidade e dos procesos creativos que nos dan o deseño e a arte. No 2023 foi nomeada como unha das persoas máis creativas pola Revista Forbes, así como unha das 40 futuristas máis importantes de España. Actualmente compaxina o seu traballo coa docencia en diversos cursos de posgrao en universidades e centros educativos internacionais no ámbito do deseño.

Paula Martín Villarejo. Diseñadora gráfica, especializada en dirección de arte e ilustración. Actualmente Head of Design en Invisible, dende onde actúa como ponte entre a teoría e a narrativa visual, dándolles forma a conceptos complexos a través dunha linguaxe gráfica clara, sensible e significativa. Formouse en Deseño Gráfico no IED Madrid e en Deseño e Edición de Publicacións Impresas e Multimedia en Salesianos de Atocha. A súa práctica móvese entre o deseño experiencial, a resolución creativa de problemas a nivel visual e o pensamento crítico.

JORGE FILIPE DE SÁ PINHEIRO

(Viana do Castelo / O Carballiño)

Divulgador e formador especializado no cultivo e produción de fibras naturais, especialmente no liño e a la. Dende 2021 forma parte de SABER FAZER (Porto, Portugal) como formador de adultos e nenos sobre o proceso do liño: dende o cultivo no campo ata os métodos de produción e procesado. Dende 2020 dirixe o Museo do Linho e da La de Viana do Castelo (Portugal), un espazo dedicado a preservar e transmitir o coñecemento tradicional ao redor destas fibras. Dende 2019 cultiva dúas variedades antigas de liño: o liño morisco, que se sementa en novembro e se cultiva en maio; e o liño galego, que se sementa na primavera e se recolle en xuño. Colaborador do Espacio Vilaseco.

LALA DE DIOS

(Madrid) @laladedios5

Coruñesa, é historiadora da arte por formación e tecedora e tintorera por vocación. Sempre atraída polo binomio tradición/innovación na artesanía, interésalle especialmente a interacción entre a arte, a artesanía e a natureza. Xestora e comisaria de proxectos culturais, entre os seus últimos proxectos atópanse colaboracións, utilizando tinguiduras naturais, con Teresa Lancesta e outras artistas, ou o comisariado das xornadas Tecendo Futuros (2023, San Cristovo de Mouricos, Chantada). Da súa traxectoria, ela mesma destaca o seu traballo en proxectos de cooperación e a actividade docente. Na actualidade é profesora de Materiais e construción téxtil no Máster en Deseño Téxtil e Novos Materiais do IED Madrid.

MARÍA MARTÍN SEIJO

(Santiago de Compostela) @martinseijomaria

Doutora en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade pola Universidade de Santiago de Compostela. Realizou estadias de investigación no CIBIO-InBio, na Universidade do Minho e no University College Dublin. No 2020 obtivo dúas prazas en convocatorias competitivas, na convocatoria RETOS modalidade JIN na Universidade de Santiago de Compostela (2020-2021) e como Investigadora Distinguida Junior Beatriz Galindo na Universidade de Cantabria (2021-2023). As súas áreas de investigación son a arqueoloxía e a agrobotánica, con especial atención ás relacións establecidas entre seres humanos e plantas a partir do estudo dos restos vexetais recuperados en contextos arqueolóxicos, fundamentalmente madeiras e fibras. O seu traballo centrouse en Europa (España, Portugal e Inglaterra), América (Panamá) e recentemente en Asia (Siria, Palestina e Taiwán) e Oceanía (Illas Marianas) en contextos que van dende a Prehistoria ata o pasado recente. A finais de 2023 incorporouse como científica titular ao Instituto de Ciencias do Patrimonio, INCIPIT, CSIC. Dende 2017 é Co-chair da Community for the Archaeology of Wild Plants na European Association for Archaeologists.

PAISANAJE

(Madrid) @_paisanaje_

Grupo de exploración e de acción que aborda a crise ecosocial dende a arte, practicando modos alternativos de imaxinación que se afastan do colapso e debuxan outros futuros posibles máis esperanzadores. O seu obxectivo é crear na cidade un espazo de acollida e convivencia participativa de todas as formas de vida. O traballo de Paisanaje artéllase arredor de diferentes liñas de acción que abordan a crise climática e que se orientan cara a transicións máis xustas. Arredor do Comer e poder agrúpanse todas as prácticas e debates orientados a fomentar a soberanía alimentaria; Ensaíos situados aquelas que investigan as transicións urbanas; en Facer o saber recuperamos saberes tradicionais; e Luxo comunal, dedicada á activación de imaxinarios posibles do común e á celebración do colectivo. Todas elas están interrelacionadas en moitos dos nosos proxectos grazas a que sempre está aterrada na práctica do cotián.

Amelie Aranguren. Comisaria e activista cultural. Foi membro de Campo Adentro/Inland entre 2011 e 2023. Actualmente é directora do Centro de Aproximación ao Rural, un espazo en Madrid onde creadores, comisarios, investigadores e axentes rurais poden realizar residencias de produción e investigación e experimentar con formas artísticas vinculadas a contextos sociais e perspectivas ecolóxicas. Anteriormente traballou como directora artística da Fundación Federico García Lorca, do Museo Reina Sofía e do Jeu de Paume de París.



RAQUEL BUJ

(Madrid) @buj.studio

O seu traballo sitúase na intersección entre arte, moda e investigación material. Unha práctica dedicada á experimentación especulativa con materiais a partir dos cales deseñar vestimentas inspiradas na idea de envolvente ou segunda pel que proxectan outras ecoloxías posibles. Concibe o seu taller coma un laboratorio no que se hibridan artesanía, fabricación dixital e biofabricación. Combina a súa práctica profesional coa súa actividade docente en diversas universidades nacionais e internacionais. O seu traballo foi recoñecido con premios como Samsung Ego Innovation Project 2017 e foi exposto en centros coma o Can U sustainable exhibition, Shanghai 2022. Colabora con artistas e performers como Instituto Stocos ou Janet Novás e recibe encargos coma o deseño da capa das Badaladas 2022. Destacan as súas coleccións Wall Dres 2017, Growing Landscapes 2018, NIDOS 2021 e Ungüentos 2023. Foi bolseira pola Academia de España en Roma cun proxecto exposto en ARCO 24. Comisaria, xunto con Carlos Jiménez, das xornadas Novas artesanías para novas ecoloxías (Mouricios, Chantada), 2024.

ROSANA ESCOBAR

(Bogotá, Colombia) @escobaryrosas

Artista téxtil, formada en Bioloxía en Colombia e en Belas Artes en Holanda, que explora novas formas de resignificar a relación coas fibras dende a súa comprensión máis fonda e respectuosa, recoñecendo a súa autonomía, necesidades e axencia. Actualmente centra a súa investigación no fique, unha planta endémica de Colombia usada principalmente para a produción de costais de café. Rastreando a orixe e a cadea produtiva que se entrelaza co territorio, coas comunidades, coas industrias e coa paisaxe, Rosana reivindica a identidade e o valor intrínseco da fibra, opacado nos últimos anos pola industrialización. A súa práctica desenvólvese entre Colombia e Europa, onde comeza e remata a vida útil do material, creando unha ponte que facilite diálogos e explore escenarios onde a artesanía local, o mercado global, a arte, o deseño e a industria se atopan. Na intersección encóntrase un espazo fértil de experimentación e de transformación dende un entendemento holístico da fibra e das súas posibilidades.



ÍNDICE DE IMAXES

1. Álvaro M. Leiro
2. Fondo Supper Club
3. Inés Sistiaga
4. Contexto Fibranzas
5. Rosana Escobar

Prezo inscrición:* 75 € (Prezo reducido de 50€ por asistente para obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia). A inscrición dálles dereito a asistir aos dous días de duración das xornadas, á documentación e ao agasallo de benvinda, así como aos servizos de restauración que se facilitarán para a comida e para os descansos previstos na programación.

Lugar: San Cristovo de Mouricios (Chantada, Lugo)
42° 37' 60.0" N 7° 50' 31.5" W

Inscrición na web: <https://artesianiadegalicia.xunta.gal/gl/formacions>

Organización: Fundación Artesanía de Galicia. Xunta de Galicia @artesanía_de_galicia

Comisariado: Inés Sistiaga @ines.sistiaga

Colaboración: Espacio Vilaseco @galeriavilasecolab

***Ata completar aforo**

